

BASES DA CAMPAÑA

Tamén no Nadal coidamos do local

1. Entidade organizadora

O Concello de Teo, a través da Concellaría de Promoción Económica, Turismo e Comercio, organiza, dentro da programación do Nadal 2020, o sorteo "Tamén no Nadal coidamos do local" co obxecto de promover o consumo nos establecementos de comercio local adheridos á campaña.

2. Ámbito territorial

O ámbito territorial deste sorteo será o comercio local, artesanía, Mercado de alimento labrego de Teo e viños con DO Rías Baixas, do termo municipal de Teo que teña expresado a súa adhesión á campaña mediante o documento de autorización pertinente.

3. Condicións de participación

Por cada 50 € de compra en establecementos adheridos á campaña, xustificados nun ou varios tickets de compras realizadas entre o 9 de decembro e o 9 de xaneiro, ambos incluídos. As persoas maiores de idade recibirán un boleto para participar no sorteo final. Os tickets de compra deberán ser introducidos no sobre do sorteo e depositado nalgunha das caixas, localizadas nos establecementos adheridos á campaña. Os sobres estarán dispoñibles nos comercios adheridos á campaña e deberán ser cumprimentados cos seguintes datos (nome e apelidos, DNI, teléfono e correo electrónico).

4. Restricións de participación

Non poderán participar comerciantes participantes na campaña con tickets do seu propio local. No caso de ser así, o premio non será entregado e pasará a un reserva.

5. Premios

• 50 premios de 100 €.

Todos os premios deberán gastarse nos establecementos adheridos á campaña. Os premios serán nominativos e soamente se pode optar a un premio por persoa. No caso de saír a mesma persoa para dous premios pasarase á persoa de reserva. Os premios poderán gastarse en establecementos diferentes pero sempre en fraccións de 10 euros.

6. Sorteo

O sorteo realizarase o día 13 de xaneiro de 2021 ás 11:30 horas no Salón de Plenos municipal.

Mecánica do sorteo

Escolleranse ao azar, e por unha man inocente, 70 tarxetas. Primeiro extraeranse 50 tarxetas que gañarán un vale por valor de 100 € cada un. Ao final

sacaranse 20 tarxetas de reserva. As persoas de reserva formarán unha lista por orde de saída, por se ocorrera que algunha das persoas agraciadas non cumprira os requisitos.

O premio deberá ser investido en compras nos establecementos adheridos á campaña no prazo comprendido entre o día posterior ao sorteo e ata o 13 de febreiro de 2021, ambos inclusive.

Os premios non poderán ser obxecto de cambio, cesión a terceiras persoas ou compensación en metálico. Ningunha persoa poderá obter máis dun premio, polo que as tarxetas que saian repetidas, quedarán anuladas automaticamente.

7. Comunicación á persoa gañadora

A organización chamará ao teléfono indicado na tarxeta da persoa premiada e será publicado na páxina web do Concello de Teo (www.teo.gal) e nas redes sociais. Se en tres días non se consegue ter contacto coa persoa agraciada pasarase á persoa de reserva.

8. Protección de datos

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, o responsable do tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Teo, co enderezo na Travesía da Ramallosa 38, Lucí. Os datos serán utilizados para comunicarse coas persoas gañadoras e a xestión administrativa do sorteo, con posterioridade serán destruídos ao seu remate. Os datos non se cederán a terceiras persoas, salvo por obriga legal. Todas as persoas teñen dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a súa portabilidade en calquera momento. Para iso, o Concello de Teo dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

9. Aceptación de bases.

As persoas participantes aceptan as presentes bases e o criterio da organización na resolución de calquera cuestión derivada da campaña "Tamén no Nadal coidamos do local", polo mero feito de participar na mesma.

